

# Quen somos? De onde vivimos? Onde imos?

## Reflexións sobre os estudos galegos nos Estados Unidos

**José COLMEIRO**

University of Auckland (New Zealand)  
School of European Languages and Literatures

j.colmeiro@auckland.ac.nz

### 1. INTRODUCCIÓN

Baixo este título interrogante que suxire cuestións existencialistas ao mesmo tempo locais e universalistas, que van do híbrido localismo galáctico-viguista de Siniestro Total á metafísica polinésica de Gauguin, quero debuxar un mapa panorámico da presenza dos estudos galegos nos Estados Unidos, onde teño traballado a maior parte da miña carreira profesional, e ao mesmo tempo (de)marcar os seus límites e fronteiras nestes tempos de globalización. Antes de nada, teño que facer algunhas precisións liminais. Esta revisión da achega dos galicianistas na academia norteamericana aos estudos galegos contemporáneos non ten pretensións totalizadoras e non vou abarcar máis que unha parte. Non entro nin no campo sagrado da literatura medieval, porque a maior parte dos medievalistas son xeralmente filólogos hispánicos ou panrománicos, nin no terreo da lingüística, que escapa á miña competencia. Limitareime pois a constatar a situación dos estudos galegos literarios e culturais modernos, do século XIX ao XXI, os seus logros, as súas limitacións e retos, e tamén a imaxinar por onde poderíamos ou desexaríamos camiñar no futuro e que fronteiras aínda nos quedan por atravesar. Como é frecuente nestes casos, é posible ver o vaso medio cheo ou medio baleiro; iso depende da ollada de cada quen. Ou para utilizar a metáfora de Siniestro Total, a expansión do universo, cóncavo ou convexo, depende en definitiva do noso limitado ángulo de perspectiva (“¿Quiénes somos?,

¿de dónde venimos...”<sup>1</sup>). Se ben teño por certo que algunhas das renovacións máis interesantes dos estudos galegos se están a facer hoxe desde os Estados Unidos, o que tamén está claro para min é que aínda falta abondo para poder ver o vaso cheo, e que a posible expansión do campo é aínda un desexo máis que unha realidade constatable. As seguintes observacións críticas, que quizás puideran parecer tremendistas a algúns, teñen como dobre obxectivo a toma da conciencia da situación real e marcar un programa de intervencións posibles para poñerlle remedio.

### 2. ATOMIZACIÓN E FALTA DE ESTRUTURAS

Fóra das interesadas proclamas oficialistas duns e do ben intencionado optimismo doutros, a situación dos estudos galegos en EE.UU., en realidade, aínda deixa moito de desexar e non está en verdadeiras condicións como para botar moitos foguetes ao aire. A constatación da súa precaria existencia xustifica a formulación realista deste traballo e unha certa actitude existencialista moi galega, poderíamos dicir que simplemente “éche o que hai”. Nunha primeira ollada arredor, nótanse moitas limitacións e carencias básicas, sobre todo a nivel de estruturas e canais, como se fose un certo reflexo da invertebrada estrutura cultural de Galicia, aínda fortemente atomizada e minifundista. Por unha parte, esta precariedade é debida á gran dispersión xeográfica dos galicianistas en EE.UU. e ao feito de que somos poucos e moi repartidos de costa a costa polo sistema académico, composto

---

<sup>1</sup> “¿Se expande el universo? ¿Es cóncavo o convexo? ¿Quiénes somos? ¿De dónde venimos? ¿Adónde vamos?” (Siniestro Total).

dunhas tres mil universidades. Porén, hoxe temos á nosa disposición a vantaxe das tecnoloxías da información, que deberían servir para eliminar ou aliviar, cando menos en parte, esta situación. Existe a posibilidade de creación de redes virtuais, *listservs*, sitios webs e cursos *online* que verdadeiramente están aínda por desenvolverse, e penso que sería a mellor maneira de paliar esa gran dispersión xeográfica. Fronte á realidade incontestable da dispersión territorial, a posibilidade de crear cursos híbridos impartidos *online*, por exemplo, compartindo estudantes nun mesmo curso provenientes de diferentes universidades rexionais, podería ser unha maneira efectiva de remediar esta deficiencia.

En paralelo a esta dispersión territorial encontramos o problema da “invisibilidade” dos estudos galegos. A realidade é que en poucas universidades norteamericanas teñen os estudos galegos unha mínima presenza, mesmo de forma simbólica ou testemuñal. Os programas de galego, cando existen como tales, están amparados ou refuxiados nos programas de linguas estranxeiras ou de estudos hispánicos. En xeral, con algunha notable excepción, non hai programas específicos de estudos galegos como especializade académica, e os que hai non gozan de gran visibilidade. Trátase xeralmente de cursos illados e irregulares, de introdución á lingua, á literatura ou á cultura galega, ou de módulos dentro dun programa de estudos ibéricos que reflicten a realidade multicultural e multilingüística da Península Ibérica, ou cursos independentes de posgra. A formulación tradicional seguindo o patrón estritamente filolóxico non ten moitas posibilidades de éxito, especialmente para unha lingua estritamente minoritaria como o galego, cando mesmo o francés e o alemán, por xa non falar do polaco ou do portugués, por poñer exemplos de linguas minoritarias con moitos máis falantes que o galego, teñen problemas para subsistir ao carón da presenza cada vez máis absolutamente dominante do castelán como lingua de estudo “estranxeira” (o castelán é a segunda lingua de uso nos EE.UU., con máis duns 35 millóns de falantes, polo que non se pode considerar, exactamente, como unha lingua estranxeira). É necesario debuxar outra estratexia diferente para atopar un lugar para o estudo da cultura galega. Unha posibilidade sería darlle visibilidade aos estudos galegos

artellando programas interdisciplinarios con outros departamentos, como Antropoloxía, Historia Economía, Música ou Lingüística, e con centros de investigación de estudos europeos, estudos da diáspora, de estudos ibéricos e latinoamericanos, ou de estudos transatlánticos, e tamén, por que non, de estudos celtas. Por outra banda, sería interesante tamén fomentar a creación de programas de estudo no estranxeiro que inclúsen cursos en Galicia, establecer rutas culturais por Galicia seguindo por exemplo a ruta do Románico, o Camiño de Santiago, e crear programas para estudantes de prácticas como internistas en diferentes campos laborais, como poden ser museos, escolas, xornais ou empresas e industrias galegas. Finalmente, sería conveniente tamén contemplar a posibilidade de intercambios de estudantes e profesores entre universidades norteamericanas e galegas.

Parte desa invisibilidade vén dada pola acusada falta de centros de estudos galegos nas universidades norteamericanas. Só a cátedra do *Graduate Center* do CUNY, patrocinada pola Xunta desde os anos noventa, ten unha presenza importante e consolidada, aínda que, na práctica, unha solitaria embaixada académica é como un pingo de auga no medio do deserto. Existe, tamén, o *Galician Institute*, na Universidade de Maine, creado en 1994 pola profesora Kathleen March, que funciona como un centro de información e bibliografía, outra gota de auga no deserto. Desde o ano 2008 funciona o novo centro de estudos galegos na Universidade de California, Santa Bárbara, grazas aos esforzos da profesora Silvia Bermúdez, a máis de 3.000 quilómetros de Nova York. Penso que este é o primeiro programa nos Estados Unidos que integra as cinco linguas da Península Ibérica no seu currículo académico. En total, parece unha moi escasa representación para un sistema académico que se considera a punta da vangarda da investigación científica no panorama internacional. Parece razoable pensar que a política de axuda a centros galegos da Xunta de Galicia debería poñer máis atención ao sistema universitario con máis peso e repercusión potencial no mundo actual.

Outro serio problema sería a falta de articulación dos estudos galegos en EE.UU. Aínda non hai unha asociación académica profesional, nin tampouco un circuíto establecido de seminarios,

coloquios e conferencias, ou intercambio de estudantes. Dúas notables excepcións foron os congresos da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). A primeira conferencia, organizada por Kathleen March, tivo lugar en 1985, e as actas do congreso foron publicadas pola Universidade de Maine en 1987. A AIEG tivo o seu segundo congreso na Universidade de Brown en Rhode Island hai vinte anos, organizado por Antonio Carreño, xa profesor xubilado. O terceiro congreso celebrouse na CUNY de Nova York en 1991, organizado por Xoán González Millán, tristemente desaparecido. Por desgraza, despois deses prometedores comezos nos anos oitenta non houbo continuidade no campo académico estadounidense. Só a cátedra de galego do *Graduate Center* de CUNY ten un regular programa de actividades culturais, con series de conferencias e ciclos de cine galego. Aínda non temos neste lado do Atlántico norte unha editorial con unha serie especializada de publicacións, unha revista, nin un caderno sequera<sup>2</sup>. Fronte á vitalidade dos estudos galegos na Gran Bretaña, que ten todos estes temas xa moito máis artellados e desenvolto, nos EE.UU. aínda se está empezando. Ás veces penso que pode ser polo “éxito” do castelán, que deixa as outras linguas minoritarias nas marxes, pero tamén ao propio descoido dos galicianistas. Como se explica, senón, que haxa revistas de estudos galegos no Reino Unido (*Galician Review*, *Galicia 21*) ou en Australia (*Antípodas*), e non nos EE.UU.? E se comparamos a situación dos estudos galegos coa dos estudos cataláns en EE.UU., revélanse con claridade as grandes diferenzas de actuación, recoñecemento e visibilidade. Os profesores de estudos cataláns si teñen unha asociación académica, a *North American Catalan Society* (fundada en 1978), dispoñen dunha revista propia, *Catalan Review* (que é o referente internacional máis importante de estudos cataláns desde 1986),

contan cunha rede activa de asociados, un congreso trianual e unha serie de simposios ocasionais, así como un espazo dedicado na Convención da *Modern Language Association* (MLA). O feito de lograr ter un espazo dedicado aos estudos galegos na convención da MLA, que é o máis importante congreso de estudos literarios e culturais nos EE.UU, daría unha visibilidade moi desexable aos estudos galegos, pero tería que ser a consecuencia de ter unha organización formal previa... A realidade é que os galicianistas en Estados Unidos seguimos espaxados e desconectados, malia o *listserv* internacional de estudos galegos, que, en parte, mitiga esta situación. Eu propoñería, como primeiros pasos para solventar esta situación, a creación dunha asociación académica profesional, a formalización dunha rede de contactos entre especialistas e dispoñer dun *listserv* propio. E, xa para máis adiante, establecer unha revista propia e conseguir un espazo de discusión na MLA.

### 3. A DISEMINACIÓN DA CULTURA GALEGA E A ACHEGA DOS GALICIANISTAS EN EE.UU.

No que atinxe á produción e diseminación de traballos de investigación dos galicianistas de EE.UU., tamén hai que ser conscientes da súa situación máis ben precaria, directamente relacionada coas limitacións sinaladas anteriormente. Polo que toca ás publicacións monográficas sobre estudos galegos, cantos libros foron publicados polos galicianistas residentes nos EE.UU. nos derradeiros dez ou quince anos? Fóra de Rosalía de Castro, ou de escritores galegos en castelán (Valle-Inclán, Cela, Pardo Bazán, Torrente Ballester), practicamente non hai ningún<sup>3</sup>. As actas dos congresos sinalados anteriormente aparecen como exemplos solitarios. Os poucos traballos monográficos publicados en editoriais académicas norteamericanas son de críticos británicos, como Craig Patterson

<sup>2</sup> Kathleen March comezou recentemente unha nova serie de estudos galegos na editorial Peter Lang que pode ser unha importante iniciativa para o futuro dos estudos culturais galegos en Estados Unidos.

<sup>3</sup> Sen dúbida, os libros sobre Rosalía de Castro son os máis numerosos, entre os que cabe destacar os de Kathleen Kulp-Hill (*Manner and mood in Rosalía de Castro*), Joanna Courteau (*The Poetics of Rosalía De Castro's Negra sombra*), Aileen Dever (*The Radical Insufficiency of Human Life: The Poetry of R. de Castro and J. A. Silva*), Michelle Geoffrion-Vinci (*Between the Maternal Aegis and the Abyss: Woman as Symbol in the Poetry of Rosalía de Castro*) e a tese de doutoramento de Deanna Johnson-Hoffman (*Gender and Genre in the Narrative Fiction of Rosalía de Castro*). Despois da redacción deste artigo, apareceu o libro de Eugenia Romero *Contemporary Galician Culture in a Global Context*.

en Mervin Ellen Press e Kirsty Hooper en Peter Lang<sup>4</sup>. Por estas razóns enténdese mellor que a recente publicación do volume colectivo editado por Kirsty Hooper e Manuel Puga (*Companion to Galician Studies*) na editorial da *Modern Language Association of America*, a institución académica máis importante dos estudos literarios norteamericanos, fora todo un acontecemento no campo dos estudos galegos, porque foi o primeiro libro de referencia sobre estudos culturais galegos dispoñible en inglés e, ao mesmo tempo, un material pedagóxico de moita utilidade para poder fomentar o estudo da cultura galega pola vía dos estudos interdisciplinarios<sup>5</sup>.

No campo das traducións de textos galegos ao inglés, un dos camiños máis necesarios para espallar e dar a coñecer a literatura e a cultura galega aos lectores estranxeiros, tamén hai moi poucas contribucións realizadas ou publicadas en EE.UU. Neste caso tamén e Rosalía a autora galega que ten recibido un pouco máis de atención, o cal resulta lóxico tendo en conta o seu lugar canónico na literatura galega, pero a maior parte da literatura galega escrita nos últimos trinta anos apenas está traducida ao inglés (ou está publicada, curiosamente, no Reino Unido ou Australia). Á parte da tradución da poesía rosaliana que fixera Charles David Ley (1964), contamos cos máis recentes traballos de Anna Maria Aldaz, Barbara Gantt e Anne Bromley (SUNY 1991), e tamén coa tradución de Kathleen March da súa novela *La hija del mar* (*Daughter of the Sea*, Peter Lang 1995). Destaca especialmente o importante labor de tradución e difusión de Kathleen March, quen tamén preparou a escolma poética *Festa da palabra: An Anthology of Contemporary Galician Women Poets* (Peter Lang 1989), a antoloxía de relatos galegos *Así vai o conto* (Edwin Mellen 1991) e a tradución de *Circling* (*Arredor de si*) de Ramón Otero Pedrayo (publicado na súa propia editorial compostelana en 1997). Ana M. Spitzmesser publicou *The Likeness* (*A semellanza*) de María Xosé Queizán (Peter Lang 1999), Carys Evans-Corrales o libro bilingüe

de Miguel-Anxo Murado *Bestiary of Discontent* (*Bestiario dos descontentos*, Edwin Mellen 1993), e a revista *Puckerbrush Review* da Universidade de Maine, en Orono, publicou *Four to Four*, a tradución de *De Catro a Catro* de Manuel Antonio feita por John Burns, que fora a súa tese de doutoramento. E iso é practicamente todo no campo das traducións. Como comentou o tradutor e académico australiano Jonathan Dunne en Vigo durante o penúltimo congreso da AIEG (2009), é sorprendente pensar que dos 31 libros de autores galegos traducidos ao inglés nos últimos anos, só cinco foron publicados nos EE.UU. Hai a esperanza de que a nova serie de Peter Lang acolla traballos de tradución de autores galegos ao inglés, pero tamén sería interesante que abondara a iniciativa de publicar desde os EE.UU. máis traducións de textos galegos curtos, como poemas, cancións, contos ou ensaios nalgunha revista de estudos galegos ou nalgunha paxina web universitaria.

#### 4. A RENOVACIÓN DOS ESTUDOS GALEGOS

En canto á traxectoria nos EE.UU dos estudos galegos máis contemporáneos, das últimas dúas décadas por poñer un marco xeracional coincidente coa formación da AIEG, destaca especialmente o labor pioneiro de certos críticos como Kathleen March, xa citada, como crítica, tradutora e editora; de José Amor y Vázquez e Antonio Carreño, como críticos, organizadores e editores; así como de Catherine Davies e Joanna Courteau nos seus importantes estudos feministas sobre Rosalía de Castro. Cómpre sinalar tamén os traballos teóricos de Xoán González Millán, que ocupa un lugar especialmente relevante dentro do canon dos estudos galegos, ademais de ser un dos fundadores da AIEG e presidente da Asociación entre 1991 e 1994. É preciso destacar o seu importante traballo intelectual entre o final dos anos oitenta e os comezos do século XXI, como impulsor da renovación da teoría e crítica literaria galega, como diseminador da cultura galega nos EE.UU. e mais como mentor dunha nova xeración de mozos críticos desde o

<sup>4</sup> Débense anotar tamén os libros de galicianistas en EE.UU. publicados en Galicia, como os de González Millán, Thompson e Colmeiro.

<sup>5</sup> É de destacar, no entanto, que nin os editores do volumen publicado pola MLA, nin a maioría dos galicianistas colaboradores do volumen traballan nos Estados Unidos (só cinco dun total de quince colaboradores).

*Graduate Center* de CUNY en Nova York. As súas formulacións sobre o nacionalismo literario e a literatura nacionalista desde unha perspectiva de resistencia cultural foron pioneiros, como tamén o foi a introdución renovadora dos estudos culturais anglosaxóns e de teóricos continentais como Pierre Bourdieu ou Habermas nos estudos galegos, que aínda seguen dando valiosos froitos.

Malia a súa incuestionable relevancia, González Millán non escapa totalmente das limitacións que el mesmo criticaba dos estudos literarios. A súa introdución da teoría dos polisistemas de Even Zohar no estudo da literatura galega foi moi influente e recoñezo o importante valor de animación que tivo no seu momento na anquilosada teoría literaria galega, aínda que, persoalmente, non comparto plenamente esta tendencia que vexo excesivamente reducida e dunha limitada perspectiva aínda moi achegada ao estruturalismo e á semiótica. Da mesma maneira, a súa defensa do “criterio filolóxico” como base argumental para a definición do que considera o obxecto de estudo, aínda que foi importante como estratexia de resistencia e de lexitimación, está sendo revisada en anos recentes por novos críticos que o ven como unha noción esencialista da nación excesivamente excluínte e que mantén a problemática identificación naturalizada de lingua, literatura e nación (Hooper 2009, Colmeiro 2009).

Porén, nótase a súa pegada teórica renovadora na emerxencia dunha nova xeración de críticos, basicamente educados –ou mellor reeducados– nos Estados Unidos, que retoman o desafío de modernizar os estudos galegos. Esta nova crítica formula nos últimos anos un novo reto para os estudos galegos dentro dunha dinámica posnacional e transnacional, multidisciplinaria e interdisciplinaria, que está aberta aos profundos cambios nos estudos culturais anglosaxóns, así como ás novas correntes de globalización e ao seu impacto nas culturas locais, cuestionando a supervivencia do estrito criterio disciplinario filolóxico. Esta crítica responde á procura dunha mellor resposta no que atinxe ás complexidades

da cultura contemporánea, e especificamente á peculiar situación da cultura galega. Por unha parte, propónse a redefinición e ampliación do campo de estudo, subliñando a súa transformación desde o enfoque tradicional e case único na literatura e filoloxía galegas, e desfacendo a crucial fusión histórica de nación e lingua (Gilroy 1993). Ante a realidade do modelo filolóxico en crise irreversible, formula a apertura aos estudos culturais que amplían o foco e o espectro disciplinario e se caracterizan pola transversalidade, desterritorialización e interculturalidade, e pola utilización de novos achegamentos críticos informados polo poscolonialismo, o transatlanticismo, a diáspora, as teorías feministas ou os estudos *queer*, e as novas áreas de estudo máis abertas á diversidade e hibridación da produción cultural, como o cinema e o audiovisual, a música, a *performance* ou a cultura popular. Nestes campos destacan especialmente os importantes e recentes traballos de críticos como Silvia Bermúdez, Eugenia Romero, José Colmeiro, John Thompson e outros máis novos como Danny Barreto, o que vai paralelo ao traballo doutros novos galicianistas no Reino Unido como Kirsty Hooper ou Helena Miguélez Carballeira<sup>6</sup>. O panel especial interdisciplinario organizado por Lou Charnon-Deutsch na convención da MLA no 2007 (“Galician Cultural Identity within and beyond Geographic and Linguistic Borders”), con intervencións dalgúns dos críticos mencionados anteriormente que desafían as tradicionais demarcacións xeográficas e lingüísticas disciplinarias, mostrou os camiños desterritorializadores por onde van os estudos galegos modernos e significou tamén unha importante visibilidade na plataforma académica máis importante en EE.UU. Sen dúbida estes cambios paradigmáticos representan unha realista nota de esperanza para o futuro dos estudos galegos, e non só nos EE.UU.

Tamén se pode ver outra nota de esperanza na atracción que os estudos galegos poden exercer sobre outros académicos hispanistas de EE.UU. que non son propiamente galicianistas, pero que se interesan polo estudo da literatura e cultura galega, como o caso de Joseba

<sup>6</sup> Véxanse os números especiais do *Journal of Spanish Cultural Studies* e do *Bulletin of Hispanic Studies* coordinados por Kirsty Hooper.

Gabilondo, Bill Nichols, Nathan Richardson ou Jessica Folkart. Este crecente interese polos estudos galegos entre os hispanistas norteamericanos resulta certamente notorio nos últimos anos, o que pode coincidir coa popularidade de autores como Manuel Rivas e Suso de Toro, que transcenden e superan os límites do sistema cultural galego. Por esa razón a situación é algo mellor en canto á publicación total de artigos de investigación sobre estudos galegos contemporáneos. Un repaso no banco de datos da *MLA Bibliography*, a biblia académica dos estudos de lingua e literatura en EE.UU., mostra o interese por parte dos críticos pola nova literatura galega, con unha certa converxencia xeracional. Á parte dos casos de Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro, ambos autores bilingües, destaca a presenza de artigos sobre a obra literaria de Manuel Rivas (con máis de 20 traballos publicados

nos últimos dez anos), seguido por estudos sobre Suso de Toro (5), María Xosé Queizán (3) e Méndez Ferrín (2). En contraste, sobre Castelao só hai un artigo publicado e o mesmo acontece coa obra de Otero Pedrayo.

Remato estas reflexións cun derradeiro pensamento optimista. O lado positivo da atomización dos galicianistas en EE.UU. e da falta de estruturas tradicionais, de non ter cátedra de estudos galegos, de non ter facultade de Filoloxía Galega e, polo tanto, de non traballar dentro do estreito corsé disciplinario e dentro do canon, é a posibilidade de traballar e reivindicar as marxes, o rico campo das hibridacións e de todas as manifestacións culturais que se escapan á mirada institucional. E aí si que eu vexo unha posibilidade renovadora de transcender a institucionalización da literatura e a cultura galega.

## 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BERMÚDEZ, Silvia (2002): “La Habana para un exiliado gallego: Manuel Curros Enríquez, La tierra gallega y la modernidad nacional transatlántica”, *Modern Language Notes* 117/2, pp. 331-342.
- (2006): “Poetry on the World Wide Web: The Www.Redesescarlatas.Org and the Weaving of A ‘New’ Public Sphere in 21st Century Galicia”, *Journal of Spanish Cultural Studies* 7/2, pp. 123-133.
- BERMÚDEZ, Silvia *et alii* (2001): *From Stateless Nations to Postnational Spain / De naciones sin fronteras a la España postnacional*. Boulder: Society of Spanish and Spanish-American Studies, University of Colorado.
- CARREÑO, Antonio (ed.) (1991): *Actas do Segundo Congreso de Estudios Galegos / Proceedings of the Second Galician Congress. Homenaxe a José Amor y Vázquez*. Vigo: Galaxia.
- CASTRO, Rosalía de (1964): *Poems* (trad. Charles David Ley). Madrid: Ministry of Foreign Affairs.
- (1991): *Poems* (trads. Anna-Marie Aldaz, Barbara N. Gantt and Anne C. Bromley). Albany: State University of New York.
- (1995): *Daughter of the Sea* (trad. Kathleen March). New York: Peter Lang.
- COLMEIRO, José (1998): “Pr’a Habana me vou: identidade, tropicalización y nomadismo cultural en gallego de Miguel Barnet”, en George Cabello-Castellet *et alii* (eds.), *Cine-Lit III: Essays on Hispanic Film and Fiction*. Corvalis: Oregon State University, pp. 168-183.
- (1999): “Camiños de Santiago: identidade cultural, modernidade e invención da tradición”, *Grial* 37, pp. 419-427.
- (2009): “Smells Like Wild Spirit: Galician Bravú Rock, Between the Rurban and the Global”, *Journal of Spanish Cultural Studies* 10/2, pp. 225-240.
- (2009): “Peripheral Visions, Global Positions: Remapping Galician Culture”, *Bulletin of Hispanic Studies* 86/2, pp. 213-230.
- (2013): *Galeg@s sen fronteiras. Conversas sobre a cultura galega no século XXI*. Vigo: Xerais.
- COURTEAU, Joanna (1995): *The Poetics of Rosalía De Castro’s Negra sombra*. Lewiston: E. Mellen Press.

- DEVER, Aileen (2000): *The Radical Insufficiency of Human Life: The Poetry of R. de Castro and J. A. Silva*. Jefferson, N. C.: McFarland.
- DUNNE, Jonathan (2012): “A tradución como proxección de Galicia no exterior”, en Olivia Rodríguez González, Laura Carballo Piñeiro e Burghard Baltrusch (coords.), *Novas achegas ao estudo da cultura galega II: enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios*. A Coruña: Universidade, pp. 293-298.
- GABILONDO, Joseba (2009): “Towards a Postnational History of Galician Literature: On Pardo Bazán’s Transnational and Translational Position”, *The Bulletin of Hispanic Studies* 86/2, pp. 249-269.
- (2011): “Towards a Postnational History of Galician Literature: Rereading Rosalía de Castro’s Narrative as Atlantic Modernism”, en Kirsty Hooper e Manuel Puga (eds.), *Contemporary Galician Studies: Between the Local and the Global*. New York: Modern Language Association, pp. 74-95.
- GEOFFRION-VINCI, Michelle (2002): *Between the Maternal Aegis and the Abyss : Woman as Symbol in the Poetry of Rosalía de Castro*. Madison, New Jersey: Fairleigh Dickinson University Press.
- GILROY, Paul (1993): *The Black Atlantic. Modernity and Double Consciousness*. Cambridge: Harvard UP.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán (1991): *Silencio, Parodia e Subversión: Cinco Ensaiois sobre Narrativa Galega Contemporánea*. Vigo: Xerais.
- (1994): “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, pp. 67-81.
- (1994): *Literatura e Sociedade en Galicia (1975-1990)*. Vigo: Xerais.
- (2002): “Nacionalismo literario y teoría del campo literario: la experiencia gallega de las últimas décadas” en Silvia Bermúdez et alii (eds.), *From Stateless Nations to Postnational Spain / De naciones sin Estado a la España postnacional*. Boulder: Publications of the Society of Spanish and Spanish-American Studies, pp. 223-236.
- JOHNSON-HOFFMAN, Deanna (1995): *Gender and Genre in the Narrative Fiction of Rosalía de Castro*. Iowa: University of Iowa (tese de doutoramento).
- HOOPER, Kirsty (ed. e introd.) (2006): *New Spaces, New Voices: Notes on Contemporary Galician Studies (Journal of Spanish Cultural Studies 7/2)*.
- HOOPER, Kirsty / Helena MIGUÉLEZ CARBALLEIRA (eds. e introd.) (2009): *Critical Approaches to the Nation in Galician Studies (Bulletin of Hispanic Studies 86/2)*.
- HOOPER, Kirsty / Manuel PUGA (eds.) (2011): *Contemporary Galician Studies: Between the Local and the Global*. New York: Modern Language Association of America.
- KULP-HILL, Kathleen (1968): *Manner and mood in Rosalía de Castro: a study of themes and style*. Madrid: José Porrúa Turanzas.
- (1977): *Rosalía de Castro*. Boston: Twayne.
- MARCH, Kathleen (eda) (1987): *First Galician Studies Conference*. Maine: University of Maine Press.
- (eda. e trad.) (1989): *Festa da palabra. An Anthology of Contemporary Galician Women Poets*. New York: Peter Lang.
- (eda. e trad.) (1991): *An Anthology of Galician Short Stories: Así vai o conto*. Lewiston: Edwin Mellen Press.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (2007): *Circling* (trad. Kathleen March). Santiago de Compostela: Amaranta.
- PÉREZ SÁNCHEZ, Manuel Antonio (2001): *From Four to Four* (trad. John Burns), en *Puckerbrush Review* 19/2. Orono: University of Maine.

- ROMERO, Eugenia (2006): "Amusement Parks, Bagpipes and Cemeteries: Fantastic Spaces of Galician Identity through Emigration", *Journal of Spanish Cultural Studies* 7/2, pp. 155-169.
- (2009): "Popular Literary *lieux de mémoire* and Galician Identity in Manuel Rivas's *En salvaxe compañía*", *Bulletin of Hispanic Studies* 86/2, pp. 93-108.
- (2011): *Contemporary Galician Culture in a Global Context: Movable Identities*. Lanham: Lexington Books.
- SINIESTRO TOTAL (2002): "¿Quiénes somos? ¿De dónde venimos? ¿Adónde vamos?", *Quienes somos de donde venimos a donde vamos*. Dro East West (CD).
- THOMPSON, John (2009): *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*. Vigo: Xerais.